

SAN MARTIÑO DE TEO

Cabalos e gastronomía no San Martiño

► Teo celebra mañá o día grande do San Martiño, no que agarda grande afluencia | A trata de gando, catas, degustacións ou a música encherán a carballeira de Francos, en Calo, durante toda a xornada

ECG

Anxo Bentrón | TEO

A Feira do San Martiño de Francos ten detrás unha rica historia de máis de 500 anos que lle permite manter o seu gran prestixio como un evento ecuestre de renome, e tamén como unha destacada expresión da tradición e a cultura populares de Galicia. Pero máis alá da historia, este festexo conta cun impacto significativo en toda a comarca compostelá, especialmente para os residentes de Teo, que como cada 11 de novembro celebran na Carballeira de Francos, na parroquia de Calo, esta gran festividade municipal.

Tras as dúas primeiras xornadas, que incluíron o pregón a cargo de Ignacio Balboa ou o concerto do grupo rock galego Astarot na xornada inaugural do venres, así como un escape room ou a foliada nas polbeiras que se celebraron na xornada de onte, os veciños e visitantes prepáranse para os dous últimos días de troula.

Quedan por diante numerosas actividades culturais, catas de produtos, degustacións, obradoiros ou xornadas de portas abertas nos centros ecuestres e hípicas do municipio, un programa de actividades cheo de propostas para o goce de todos.

Día infantil: 'Feiriña, Martiño Cabaliño'

A xornada de hoxe, penúltima dos festexos, é unha xornada pensada para os máis pequenos da casa coa chegada da *Feiriña, Martiño Cabaliño*, que comezará ás 11.30 horas co gran xogo infantil dos cabaliños. A continuación, os máis pequenos poderán seguir gozando dos xogos tradicionais dende



A Feira de SAN Martiño celébrase como cada ano na Carballeira de Francos, en Calo.

CEDIDA

as 12.30. Despois, ás 13.00 horas terán lugar o obradoiro de chapas *Martiño Cabaliño* e o obradoiro de cociña familiar *Galletas do San Martiño*. Xa despois de comer, dende as 16.00 horas chegará *Aventura familiar mitolóxica: cabalos e lendas*, unha xincana para todos os membros da familia. Ás 17.30 horas, Pakolas poñerá o toque musical á xornada co seu concerto *As máis molonas de Pakolas*, que dará paso, ás 18.30 horas, ao obradoiro *Cabaliños de pau*.

Todo listo para o día grande do San Martiño

Mañá, como cada 11 de novembro, celebrarase o día grande dos festexos do San Martiño. A xornada abrirase, como vén sendo habitual, ás 6.00 horas coa trata de gando cabalar. Este ano, ademais, co obxectivo de homenaxear á xente do cabalo, farase entrega de agasallos e premios aos tratantes que participen na feira. Será a partir das 11.00 horas, galardoando aos tratantes máis maior e ao máis



A Feira conta con actividades para todos os públicos.

novo, ao asistente con máis cabezas de gando e ao que teña maior diversidade equina. Ademais, do mesmo xeito, haberá un pequeno agasallo para todas aquelas persoas que asistan á feira a cabalo, co obxectivo de conservar así esta valiosa tradición centenaria e asegurando a súa transmisión ás futuras xeracións, para que a feira dure alomenos outros 500 anos.

Artesanía e gastronomía

Tampouco faltará nesta xornada o mercado tradicional e o de artesanía, con mostras en vivo, que abrirán ás 9.00 e ás 10.00 horas respectivamente. Desta forma potenciaranse os produtos locais, dándolle tamén protagonismo aos alimentos de tempada cun pequeno obradoiro de cociña en directo e a

posterior degustación de pratos con cabaza e castaña. Ademais, ao longo da mañá, dende as 10.00 horas tamén se levarán a cabo catas e degustacións dos catro queixos galegos con Denominación de Orixe Protexida, da Mel de Galicia, de Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia e de viños

AGASALLOS

Farase entrega de premios a aqueles tratantes que participen na feira con galardóns para o máis novo, o de maior idade, o que teña máis cabezas de gando e o de maior variedade

das diferentes subzonas da Denominación de Orixe Rías Baixas. Unha aposta polos produtos de calidade onde a xente poderá coñecer as súas características e cualidades e gozar delas.

Pero, como non todo é comer, ao longo da xornada tamén haberá espazo para a música co espectáculo itinerante *O Cego na feira* (ás 11.00 horas), as actuacións de *A Barraca de Barriga Verde* (dende as 12.00 horas) ou a música en directo da Charanga SR de San Xoán de Calo (ás 12.00 horas).

Todo isto, nun marco natural de enorme beleza como é a Carballeira de Francos, en Calo, e nunha xornada na que, logo dunha fin de semana pasada por auga, volverá o bo tempo a Galicia.

Feira do
San Martiño 2024

08 - 11 DE NOVIEMBRO

Na Carballeira de Francos dende 1557

10 DOMINGO

Ao trote! Feiriña Martiño Cabaliño!

11.30 h Gran xogo infantil dos cabaliños
12.30 h Os outros garabatos: xogos tradicionais
13.00 h Obradoiro de chapas Martiño Cabaliño
13.00 h Obradoiro de cociña familiar: Galletas do San Martiño
16.00 h Xincana Aventura familiar mitolóxica: cabalos e lendas
17.30 h Concerto con Pakolas: As máis molonas de Pakolas
18.30 h Obradoiro: Cabaliños de pau
21.00 h Foliada nas polbeiras cos Esfolladores de Ilabre

Consultar máis info, inscricións e horarios en teo.gal

11 LUNS

Ao galope!

6.00 h Trata de gando cabalar
11.00 h Homenaxe á xente do cabalo: entrega de premios aos tratantes e agasallo ás/aos xinetes que asistan á feira a cabalo
9.00 h Mercado tradicional e polbeiras
10.00 h Mercado da Artesanía feita en Teo con demostracións ao vivo
10.00 h Cata e degustación dos queixos galegos con D.O.P.
11.00 h Espectáculo itinerante de música en vivo: O Cego na feira
11.20 h Degustación do Mel de Galicia
12.30 h Cata e degustación de viños das diferentes subzonas da D.O. Rías Baixas
15.00 h Harmonía de Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia con produtos de Artesanía Alimentaria
16.45 h Cociña ao vivo e degustación con produtos doces de tempada
12.00 h A Barraca de Barriga Verde con actuacións ao longo do día
12.00 h Música en directo coa Charanga da SR de San Xoán de Calo

SAN MARTIÑO DE TEO

Na busca do Interese Turístico logo de máis de cinco séculos de historia

► A Feira de Francos loita polo recoñecemento autonómico | «É un anaco grande da nosa cultura e do noso sentimento de galegitude», dixo o pregoeiro | Hoxe tócalle aos nenos e mañá será o día grande

Anxo Bentrón | TEO

Con máis de 500 anos de antigüidade, xa que se leva celebrando dende o ano 1557, a feira de San Martiño é unha das grandes datas de referencia no calendario festivo galego, especialmente entre a veciñanza do municipio de Teo.

Especializada na venda do gando cabalar —e en menor medida mular e asnal—, a cita conta cunha gran relevancia e un gran peso no concello e en toda a contorna. Proba disto é a solicitude de que sexa declarada como Festa de Interese Turístico de Galicia, apelando ao seu gran valor cultural, gastronómico e etnográfico, salientando as súas características centradas na tradición gandeira do país e promocionando tamén os produtos locais e artesanais.

Como cada ano dende hai cinco séculos, a carballeira de Francos volverá centrar a atención duns festexos que comezaron xa o venres co pregón do doutor Ignacio Balboa, que xa comezou referíndose a este San Martiño como «a feira cabalar mais importante de Galicia».

Logo de lembrar a súa infancia entre a feiras da zona da Ulla, o pregoeiro lembrou que na Carballeira de Francos «xa se mercadeaba co gando cabalar dende mediados do sé-

culo XVI, así que non é de estrañar que sexa unha parte moi importante da nosa tradición e cultura». E tam pouco quixo pasar por alto a loita para conseguir esa declaración de Interese Turístico de Galicia. «Séculos e méritos ten de sobra», dixo o pregoeiro, «porque a maiores de ser unha actividade económica e mercantil, hai moito de festa de encontro, gastronomía e por enriba de todo un anaco moi grande da nosa cultura e do noso sentimento de galegitude», explicou Ignacio Balboa.

De feito, diversas investigacións arredor desta cita festiva do outono teense permitieron concretar eses comezos nos anos centrais do século XVI, cando había na mesma zona tres grandes feiras: en Ramos, luns de Pentecostés e no San Martiño, senda esta a única especializada no cabalo, mentres que as outras estaban máis vinculadas ás vacas.

Desde aqueles tempos a feira ten mudado moito, adaptándose aos tempos como é de agardar, pero co mérito de conservar sempre esa esencia que a viu nacer e sobre a que agora se pretende construír esa declaración de Interese Turístico.

A Once súmase á festa

Para celebrar esta edición deste tra-



Unha edición anterior do San Martiño de Teo.

ECG

dicional festexo, a Once emitirá para o sorteo que se vai celebrar este martes 12 de novembro un cupón conmemorativo do San Martiño de Francos, cos cabalos, como non pode ser doutra maneira, sendo os grandes protagonistas. Unha iniciativa que axuda a impulsar e a dar a coñecer a nivel nacional un evento tan importante cultural e economicamente para a veciñanza de Teo.

E que, por outra parte, tamén da boa mostra da relevancia que ten xa incluso fóra das nosas fronteiras.

Actividades para todos

Catro días de programa dan para moito. Logo dun venres e un sábado de moita afluencia de xente, a verdadeira explosión da feita agárdase para hoxe, no día infantil, e mañá, no popio día do santo.

Actividades para os pequenos como *A Feiriña*, *Martiño Cabaliño*, *Xogo dos cabaliños*, obradoiro de chapas e de cociña familiar, xincana sobre cabalos, lendas, un obradoiro para a construción dun cabaliño de pau e música. E para os maiores, coa feira de gando propiamente dita, o mercado tradicional, concursos, catas e degustacións de produtos típicos da gastronomía galega e tamén moita música e animación.

Agencia Pontevea

NXC

NEXO CORREDURÍA DE SEGUROS

- Automóviles
- Hogar
- Salud
- Vida

Rúa Ignacio Varela, 18 - Pontevea T. 616 616 006 • 981 809 621
www.agenciapontevea.es seguros@agenciapontevea.es

Dubra Óptico

Establecemento Sanitario Registrado E15000146

Travesía de Cacheiras, 29
Cacheiras - Teo
T. 981 806 697

Progresivos Personalizados.

J. G. Juan Guerra

PULPERÍA

• BAR • PULPERÍA

COMIDAS A DOMICILIO

- Romerías - Banquetes
- Primeiras Comunións
- Bautizos
- Viños do Ulla e Barrantes

T. 981 503 054 M. 639 818 025
Vedra (A Coruña)
www.pulperiaguerra.com

PERNAS

MULTICENTRO

Supermercado • Produtos da terra

Bazar galego

Haino todo na de Pernas!

981 809 002 • PONTEVEA • TEO

info@danielpernas.com • www.danielpernas.com